


# I FORO DE SUSTENTABILIDADE NAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

Experiencias de referencia en educación ambiental e desenvolvemento sustentable




mércores 25 de ABRIL do 2012. Castelo de Santa Cruz- Oleiros



Nas nosas localidades existen numerosas experiencias de sustentabilidade desenvoltas tanto polos concellos, como por entidades sen ánimo de lucro, organizacións supramunicipais, etc..experiencias que permanecen case invisibles alén do seu ámbito territorial máis inmediato. Estas actuacións, en moitos dos casos, téñense desenvolto ao abeiro de axudas europeas, de plans comarcais de dinamización turística e son claves tanto para a sustentabilidade local como para a conservación e posta en valor do patrimonio natural e cultural.

O **I FORO DE SUSTENTABILIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS** pretende crear un punto de encontro para todas as administracións locais, onde se favoreza a posta en valor destas experiencias e iniciativas locais, creando un escaparate de boas prácticas baseadas nunha xestión ambiental sostible. Igualmente o foro quere contribuír á dinamización e creación de sinerxias de colaboración entre as diferentes entidades asistentes para o intercambio de información, recursos, e apoio mutuo para o desenvolvemento de proxectos futuros.



## Destinatarios/as

Responsables políticos e técnicos das áreas de medio ambiente, cultura, educación, turismo, e promoción económica das administracións locais. Fundacións e outras entidades que traballen no desenvolvemento local. Outras persoas e profesionais interesados.

# Programa da xornada

9:45 **Recepción asistentes**

10:00 **Inauguración do Foro**

Ángel García Seoane. Alcalde de Oleiros. Presidente do CEIDA.  
Jose Antonio Santiso Miramontes. Alcalde de Abegondo. Presidente do  
Consortio As Mariñas.  
Representante da Deputación da Coruña.

10:15. **25 anos de educación ambiental en Oleiros**

Jerónimo Díez. Concello de Oleiros.

10:45 **Proxecto Life Aqua Plann. A directiva marco da auga na xestión da conca Mero- Barcés e no encoro Abegondo-Cecebre.**

Carlos Ameijenda. Director técnico do proxecto Life Aqua Plann. Concello de Abegondo.

11:15 **A oficina de Medio Ambiente do concello de Culleredo. A aplicación das novas tecnoloxías nas administracións locais.**

Edmundo Varela. Xefe da área do concello de Culleredo.

11:45 Pausa- café

12:15 **Boas prácticas en educación ambiental. Elaboración participada do catálogo municipal de árbores senlleiras.**

Juan Antonio Moledo. Concelleiro de medio ambiente do concello de Boiro.

12:45 **Orzamentos participativos na xestión ambiental no concello de San Sadurniño.**

Secundino García Casal. Alcalde do concello de San Sadurniño.

13:15 **O Proxecto Mandeo. Proxecto de desenvolvemento a través da educación ambiental, dinamización turística, e rexeneración ambiental do río.**

Jerónimo Puertas. Proxecto Mandeo. Deputación da Coruña.

13:45 **Presentación do Boletín electrónico monográfico para administracións locais sobre sustentabilidade e xestión ambiental no desenvolvemento local.**

Verónica Campos. CEIDA.

14:00 **Clausura do foro.**

## Máis información

[www.ceida.org](http://www.ceida.org)

[www.facebook.com/ceida.educacion.ambiental](https://www.facebook.com/ceida.educacion.ambiental)

[educacion@ceida.org](mailto:educacion@ceida.org)

Tlf. 981 630 618

Organiza:



Patrocina:



Colabora:

